

PANORAMA

Xosé Ramos Rodríguez

Antón Costa Rico

Nova Escola Galega

jose.ramos.rodriguez@edu.xunta.es

anton.costa@usc.es



ISSN: 1132-8932

Páx. 84-87

ACTUALIDADE DA POLÍTICA EDUCATIVA

O incipiente respiro que vai dando a pandemia vai deixando pegadas que poden -ou deberían- ser importantes para o futuro.

- **Uso dos medios de xeito masivo.** O que caracterizou os primeiros meses do confinamento foi a teleformación. E isto descubriu moitos aspectos non evidentes ata o momento: unha fenda máis importante da imaxinada, non só por falta de equipamentos senón pola súa limitada utilización, pola súa comprensión ou pola súa calidade. Tamén existía fenda nas conexións; podía non haber ou ser moi reducida. Existía fenda, e moi importante, nas axudas familiares a utilizala. E tamén existía no profesorado, tanto pola capacidade de utilizala como pola calidade ao facelo. Fíxose mais clamorosa a utilización de xeito tradicional destes medios; 'cantaba' moito que se reducise a unha clase maxistral -videotransmitida- e a posterior demanda de exercicios para 'comprobar' ou reforzar a comprensión dos mesmos. Moitos docentes interiorizamos que se fai necesaria unha formación para utilizar doutra forma os medios; e será precisamente un punto de inflexión na utilización dos medios para a maioría do profesorado.

- **Un paso na superación do binomio 1 aula - 1 profe.** O reforzo do profesorado por mor da COVID levou a que en moitas aulas estivesen dous docentes, situación que se deu en chamar "coeducación". Isto significou compartir programacións e traballo de aula, dividir a atención ao alumnado segundo momentos ou temas, complementar competencias profesionais facendo máis factible o traballo por proxectos, compartir avaliación, individualizar as axudas moito máis, consensuar información, etc. Esta experiencia non habitual, por mor do medo, da falta de profesorado suficiente, polo 'confort' profesional ao non ter que negociar as actuacións nin desconfiar do xuízo do colega, revélase agora como moi interesante e vai reclamar continuidade. Se a Administración non racanea nos custes, iremos avanzando nesta dirección.

- **Cuestionamento dos currículos infinitos.** Cando no curso pasado en confinamento total se obrigou a refacer os programas e a quedarse co 'imprescindible', moitos cuestionamos por que facelo só nunha situación tan excepcional cando é clamoroso que os currículos son farturentos de máis. Agora aprendemos que pode un atreverse a reducir a cambio de profundar, ou de coordinar con outras materias, ou de atender á diversidade, ou a cuestións que teñen que ver coa educación integral da persoa. Se ademais coincide

coa elaboración de novos currículos por mor da nova Lei de educación, non debemos perder a oportunidade de reivindicar esta redución e de practicala no futuro.

- **A valoración da escola rural.** Deberíase de ver socialmente como un espazo próximo, seguro, contextualizado, humanizado pola relación estreita. Tamén pola súa función de fixar poboación no territorio. Desafortunadamente, en Galicia aínda andamos na situación previa e un núcleo de poboación considerable como Baamonde ten que saír á rúa para que non lle eliminen o seu colexio. Andamos para atrás.



- No medio desta situación non podemos deixar pasar o anuncio de que por primeira vez en España un Goberno, o de Murcia, fala en firme de **implantar o "veto parental"** ou "pin parental". Un paso atrás para a nosa sociedade, que ten na educación un contrapunto vital na defensa dos dereitos humanos. Os dereitos humanos, e non só a liberdade de cátedra, están en xogo. Que outra cousa é senón que as familias poidan impedir, dado o caso, que se lle fale de igualdade de xénero ao alumnado? E que se lles impida coñecer no plano da educación emocional e con adecuación psicolóxica a diversidade de relacións e tendencias sexuais? E que se lles impida

coñecer e respectar a súa sexualidade?

- O pasado 15 de Abril, o Congreso dos deputados, aprobou, coa única oposición de Vox, a **Lei Orgánica de Protección Integral da Infancia e da Adolescencia**, ou lei Rhodes. Un instrumento legar de máxima relevancia en prol da dignidade e dos dereitos da infancia.

- **Traslado a xuño dos exames de setembro.** Estase facendo en case todas as CCAA o traslado dos exames de setembro a xuño, cos cambios no calendario escolar que isto vai supoñer. Hai razóns en contra dos exames de (en) setembro: facilita a organización do curso seguinte e posibilita adiantar o inicio; o curso poderá ter un remate tamén para os que van peor e as súas familias poderán gozar unhas vacacións. Pero tamén existen graves problemas como que en realidade non se converte noutra oportunidade xa que non dá tempo a recuperar o non superado; a opción de atrasalos a xullo conta coa oposición radical das organizacións do profesorado. Xa foron trasladados na Universidade e en 2º de Bacharelato. Seguramente o que hai que cuestionar é a maior: son necesarios? Se existe efectiva atención á diversidade, se se proporciona a cada un a atención que necesita e se se fai avaliación continua non tería sentido o debate de setembro: así se fai noutros países. Pero, iso si, é moito máis caro.

- **O Supremo ratifica que a dirección de institutos públicos, supervise trámites de centros privados.** A dirección dos institutos públicos de Secundaria, aos que están adscritos os privados, seguirá supervisando xestións destes, cuxa liberdade non é 'ilimitada' segundo lembra o Tribunal. Os centros

privados galegos que imparten Bacharelato e Educación Secundaria Obrigatoria seguirán estando tutelados pola Xunta -a través dos centros públicos aos que están adscritos- para decisións administrativas como o cambio de modalidade ou itinerario educativo ou a anulación dunha matrícula. Así o vén de establecer o Tribunal Supremo nunha sentenza do 1 de febreiro na que desestima un recurso de dúas organizacións de centros privados galegos, aos que lembra que "nos atopamos ante o potente interese público que late no servizo público educativo, e que determina que haxa de ponderarse a necesidade de establecer mecanismos de enlace e coherencia nos centros da zona". Polo tanto, aclárase que a liberdade de creación de centros recollida na Constitución "non é un dereito absoluto e ilimitado" e que pode ser limitado pola Administración. Esta sentenza chega tras as críticas dos centros privados e as súas patronais e toda a dereita política contra a LOMLOE por supostamente poñer fin á liberdade de ensino. Debemos recordar ademais que o tan invocado "dereito á liberdade de elección de centro" non aparece no texto da Constitución.

ARREDOR DA GALEGUIZACIÓN

- **A situación do galego** volve facer saltar as alarmas. **O Consello de Europa insta** a non poñer limitacións ao uso do galego no ámbito escolar, ao excluírse materias que se poidan impartir na nosa lingua. Tamén chama a atención sobre a alarmante perda de falantes nas novas xeracións. Pola contra, a Xunta responde con datos sobre a mellora na alfabetización destas xeracións. É ridícula, ou dramática,

esta contraposición que significa que moitas máis persoas –novas– son competentes na lectura e escritura... e optan por non utilizar esa competencia. Non estamos só ante un problema escolar; é un problema tamén social ao que deberemos atender con urxencia. Nestas, vén de presentarse o **estudo da RAG sobre competencias lingüísticas en galego oral e escrito**: absolutamente deficientes en medios urbanos e centros educativos privados. A Consellería de Educación non pode mirar para outro lado. A comezos do pasado febreiro as tres **Academias da Lingua de Catalunya, Euskadi e Galiza reclamaron usos efectivos das tres linguas e pleno recoñecemento constitucional**. Tamén saudamos a feliz experiencia de comunicación da TVG, **Dígocho eu**, e que a **Mesa pola Normalización** leve adiante a Iniciativa Popular para recrear o universo de **Xabarán club** -33.000 asinantes en pouco tempo.

- **21 días co galego**. Os institutos que este ano están acollendo as actividades son o IES As Mariñas de Betanzos, o IES de Carral (Carral), o IES Lamas de Abade de Santiago de Compostela, o CPR Plurilingüe A Inmaculada de Lugo, o IES Perdouro de Burela, o IES

Lauro Olmo do Barco de Valdeorras, o IES Taboada Chivite de Verín, o IES Ramón Cabanillas de Cambados, o IES Sánchez Cantón de Pontevedra e o IES Santa Irene de Vigo. En conxunto, participan na iniciativa 3.738 persoas (alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos). Parabéns.

LIBROS, RECURSOS E MATERIAIS

- PAZ CABO, M. (2020). *Viva la libertad! La silenciada historia del maestro Fernando Barcia en el Santiago de la II República*. Santiago: Alvarellos editora.

- FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, M^a DEL M. (2020). *De letras e de imaxes nas aulas de Primaria*. A Coruña: Hércules de edicións.

- RAMALLO, F. ET ALII (2021). *En galego 24/7. Da minoración ao neofalangismo*. Vigo: Universidade. https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/nocampus/lingua/dinamizacion/En_galego_24_7.pdf

- AREA MOREIRA, M. (dir.) (2021). *Escuel@ Digit@l. Los materiales didácticos en la red*. Barcelona: Graó.

- CASALDERREY, F. (2021). *Lingua guapa. Cantos que cantan*. Vigo: Galaxia.

INICIATIVAS, EXPERIENCIAS, PROXECTOS E ENCONTROS

- No pasado mes de xaneiro distintas iniciativas na rede defendían de novo **as escolas na montaña de Lugo** en contra de novas concentracións escolares. Neste caso en prol dos pequenos transportes escolares.

- A **ASPG** promove neste 2021, coa colaboración da Deputación de Lugo, o programa de vídeos **“Educación e familia”**.

- A loita contra a **enchente de parques eólicos** e na defen-

sa dunha Galiza equilibrada, desenvolvida e ecolóxica leva mobilizando campañas informativas, de alegacións administrativas e de concienciación popular (<https://www.rede-rural.org/novas>).


- O **Museo de Historia Natural de Ferrol** organiza visitas telemáticas e consultas en directo para centros educativos. museo@sghn.org ou teléfonos 881931315 e 698141384.

- **Ponte... nas Ondas** é xa oficialmente e co apoio gobernamental portugués e español iniciativa **Candidata a Patrimonio Cultural da Humanidade da UNESCO**: parabéns e cos mellores desexos.

- **Unha manda de pezas para Isaac**, organizado por Alento Esbravexo. Van máis de 200 pezas: musicais, plásticas, literarias, ensaísticas, artesanais... e de xente do común que lembra ou comenta algo arredor desta figura (<https://mandadepezasparaisaac.blogspot.com/>).

- A exposición **O Castro, tamén na orixe da LIX** (Literatura Infantil e Xuvenil Galega). Pode verse na entrada do blog de GALIX e accédese a cada un dos paneis clicando sobre a imaxe que aparece á dereita que dá acceso a un vídeo (<http://www.galix.org/2020/12/o-castro-tamen-na-orixe-da-lix.html>).

- **‘InnoEduCO2: ciencia escolar e-learning one health’** aspira a “compensar as barreiras, fendas e limitacións derivadas da crise da COVID-19, impulsando un **currículo escolar experiencial** baseado na aprendizaxe dixital”, explican os investigadores. Proxecto impulsado dende SEPA-interea, que é o resultado da asociación da USC co Concello de Outes, as universidades de Ulasi, en Rumanía e de Avei-



ro, en Portugal; así como dúas escolas públicas de Aveiro, o Liceo XXVI de Polonia e o Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA).

- **Xandobela** é unha iniciativa de **Dinamización Sociocultural** nada no 2005 en Compostela, preocupada pola relación entre as persoas, favorecendo a actitude integradora, creativa e lúdica. Con experiencia no traballo sociocultural, con programas e con ampla formación en Animación Sociocultural e Dirección de Actividades de Lecer e Tempo Libre.

- **Educación en feminino.** Un paseo pola historia é a nova proposta expositiva que preparou o alumnado da Facultade de Formación do Profesorado de Lugo, baixo a titoría do profesor Francisco Candia: 34 pósters que fan visibles destacadas educadoras e pedagogas.

- **Día Internacional das Matemáticas en MUNCYT A Coruña.** A UNESCO proclamou en 2019 o 14 de marzo como o Día de Pi (3/14), día internacional en recoñecemento ao seu importante papel para facer fronte aos desafíos en ámbitos como a intelixencia artificial, a saúde, o cambio climático, a enerxía e o desenvolvemento sustentable ou a mellora da calidade de vida. O MUNCYT

tomou esta conmemoración como temática para as súas actividades de fin de semana nos seus Sábados Eureka cos xogos de retos “Matemáticas” e “Misterio no Museo” durante todo o mes de marzo.



- **XII Seminario-Obradoiro de avaliación de materiais didácticos.** En Palas de Rei, uns 30 nenos e nenas do concello, a través da conferencia e taller impartido por Yon Penas Busto, tiveron a oportunidade de coñecer de primeira man as metodoloxías STEAM e expuxéronse algunhas ideas para favorecer a análise e o emprego crítico dos robots nas aulas e nos fogares. Unha vez rematado o Obradoiro os/as asistentes puideron levar para as súas casas un pequeno robot elaborado por eles/as.

RECOÑECIMENTOS

- A primeira edición do Premio Galego de Educación para a Cidadanía Global, que organiza a Coordinadora Galega de ONDG, recoñeceu o Programa educativo desenvol-

vido no CEP Virxe da Cela de Monfero (A Coruña).

- O noso recoñecemento á revista CLIJ de literatura infantil e xuvenil, que recentemente chegou ao seu número 300. Que siga dándonos para ler.

- **Semente, Dígocho eu ou Galeguiza-T**, entre os proxectos recoñecidos nos **II Premios Mil Primaveras**, impulsados pola Coordinadora de Traballadores e Traballadoras de Normalización Lingüística.

FÓRONSE

- Bertrand Tavernier, o cineasta francés, que nos mostrou unha escola democrática e inclusiva, en *Ça commence aujourd'hui*, que forma parte dalgúns proxectos de formación docente.

- O pedagogo galego José Paz, activista e mobilizador desde as terras de Ourense do asociacionismo pedagógico docente -ASPG, ASPGP, Jornadas do Ensino-, reintegracionista, estudioso da Escola Nova, bibliófilo e profundo investigador das obras do pensador hindú Rabindranath Tagore, unha ponte entre a Galiza e a India. ■

